



de propostas normalizadoras

Que é isto do Viveiro de propostas normalizadoras?

Pois é un **espazo de intercambio** de ideas e traballo conxunto para que os traballadores e as traballadoras de normalización lingüística poidamos poñernos en contacto, coñecer e presentar propostas e ideas de accións normalizadoras, buscar xente coa que intercambiar impresións e colaborar na **maduración e posta en marcha desas propostas**, etc. A idea é que deste espazo ou laboratorio nazan e se poidan desenvolver actividades, accións, campañas, obradoiros, produtos normalizadores, etc.

De que tipo de propostas estamos a falar?

De todas as que teñan como fin o **incremento do uso e prestixio da lingua galega** e se queiran presentar para intercambiar impresións con outras persoas e intentar maduralas ou desenvolverlas conxuntamente.

Por exemplo: unha campaña para incentivar que nos pubs poñan máis música en galego e que se pode desenvolver desde unha asociación, unha aplicación que compile modelos de documentos administrativos municipais, un obradoiro para traballar coa mocidade o uso das novas tecnoloxías en relación coa lingua para ofrecerlles a concellos ou centros de ensino, un manual de boas prácticas para cargos institucionais que asuman diferentes entidades ou un concurso nas redes sociais de fotos con lemas e argumentos a prol do galego.

E como funcionaría este viveiro?

Pois procuramos que sexa do xeito máis directo e sinxelo... A CTNL convoca unha **xuntanza** na que se pode participar tanto **presentando ideas** como asistindo para coñecerlas coa intención de **colaborar** nalgunha(s). E, a partir de aí, créase un **grupo de traballo** para cada un dos proxectos que estará formado por todas as persoas interesadas en colaborar no seu desenvolvemento e coordinado pola persoa que o propuxo.

Cando vai ser esa xuntanza?

A **xuntanza** inicial de posta en marcha do Viveiro é o **mércores 30 de maio** de 2012, ás **17.30 h**, na **Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela** (Aula 12).

Si! estou interesada/o en participar. Como fago?

Moi sinxelo. Abonda con que cubras o **formulario** correspondente que está no web da CTNL.

Se ademais queres **presentar un proxecto**, unha idea, etc., debes descargar no mesmo web unha **ficha** que debes cubrir explicando en que consiste a túa idea ou proxecto, e enviala por correo electrónico a **viveiro@ctnl.org**.

E, para poder organizarse ben, isto debes facelo até, como máximo, o **23 de maio** de 2012.

En que consistirá esa xuntanza?

Nesa xuntanza, cada persoa que presenta un **proxecto** disporá dun tempo de 10 minutos para **presentalo**, explicar os seus obxectivos e a proposta de desenvolvemento, e todo o que considere oportuno. Para isto poderá botar man de ordenador, proxector, etc. (que xa hai na aula). A continuación, noutros 10 minutos, as demais persoas participantes poderán facer **preguntas, comentarios, achegas, ideas, dúbidas**, etc.

Ao final, cada persoa **sumarase ao(s) proxecto(s) que queira** e pasará a formar parte do seu **grupo de traballo** para contribuír así ao seu desenvolvemento, avance, participar nas xuntanzas específicas dese proxecto, etc. A persoa coordinadora dese grupo será sempre a persoa que propuxo o devandito proxecto, sen a mediación da CTNL.

Ah! Para facer todo máis áxil, ter todo máis claro e coñecer previamente en que consisten as ideas que se van presentar, uns días antes da xuntanza enviarásevos a todas as persoas anotadas as fichas recibidas explicativas dos proxectos.

E a partir da xuntanza, como se traballa no desenvolvemento dos proxectos?

Iso xa depende da dinámica proposta pola persoa impulsora/coordinadora de cada proxecto e do grupo de traballo creado. Este Viveiro impulsado pola CTNL o que fai é favorecer ese primeiro contacto, o intercambio de ideas, o espazo para o coñecemento dos proxectos, etc. A partir de aí, os proxectos son do/a seu/súa impulsor/a e do grupo de traballo que o desenvolva.

Entón, cal é o papel da CTNL a partir desa xuntanza?

A CTNL é quen pon en marcha o Viveiro e quen convoca as xuntanzas xerais coa finalidade de que nazan ideas/proxectos e de poñer en contacto a persoas para as poder madurar, compartir, desenvolver, etc., mais **os/as "donos/as" das ideas/proxectos son, sodes, en todo caso, as persoas que as propoñen** e, a partir de aí, todas aquelas que colaboran no seu desenvolvemento. Ademais, da xestión de maduración e desenvolvemento de cada idea/proxecto encargárase xa o/a seu/súa promotor/a, e non a CTNL.

A CTNL como tal, alén da convocatoria e xestión do Viveiro, poderá asumir ou participar naqueles proxectos que se lle propoñan e que desde a Directiva se consideren oportunos para a participación ou para seren asumidos pola CTNL (de acordo coas finalidades da propia asociación, claro). Tamén poderá asesorar, na medida das posibilidades, os/as promotores/as e grupos de traballo de cada proxecto; e tamén difundir, na medida das posibilidades, cada un dos proxectos a través do web, das redes sociais, do correo electrónico, etc., de acordo cos/coas seus/súas promotores/as, indicando que é un proxecto nacido neste viveiro de ideas da CTNL. Finalmente, poderá avaliar conxuntamente o nacemento e xestión dos proxectos nas xuntanzas xerais do Viveiro.

Nun principio a idea é convocar unha xuntanza xeral do Viveiro cada seis meses, mais iso é mellor que o valorem todos/as xuntos/as no propio Viveiro, vendo como vai funcionando.

Se tes algunha dúbida podes dirixirte a viveiro@ctnl.org

Que, animáste a participar?



ctnl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

www.ctnl.org